



## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO, MANTEMENTO E SOPORTE DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE APOIO NA XESTIÓN DOS INSTRUMENTOS DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

### REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio), na súa condición de presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, D. Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este acordo e,



## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

**Segundo.-** Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como



no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, establece o marco xeral en Galicia para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos, a loita contra o seu abandono e o fomento da súa recuperación, co fin de poñer a producir as terras arestora abandonadas e infrautilizadas e de facilitar a terra a quen a desexe traballar.

A lei, froito dun mandato do Parlamento de Galicia, ofrece un abano de instrumentos e posibilidades para mellorar a base territorial das explotacións xa existentes, facilitar a remuda xeracional no sector agroforestal e xerar riqueza e emprego no rural:

- Instrumentos de ordenación: Investigación da titularidade, Mapa de usos agroforestais de Galicia, Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia
- Instrumentos de mobilización de terras: Banco de terras, Banco de explotacións, Permutas
- Instrumentos de recuperación de terras: Polígonos agroforestais, Agrupacións e actuacións de xestión conxunta, Aldeas modelo

Os instrumentos de planificación son o marco para a ordenación dos usos do territorio rural. A localización das actividades agroforestais nos emprazamentos máis axeitados contribúe en grande medida ao seu éxito e, consecuentemente, favorece o progreso económico e a cohesión social do territorio rural. A planificación dos usos do solo facilita unha maior eficiencia económica das actividades agrarias ao mesmo tempo que garante a súa sostibilidade ambiental. A posta a disposición da información, así como o desenvolvemento de sistemas de información que permitan xestionar, difundir e optimizar a toma de decisión respecto destes instrumentos de ordenación -incluíndo o seu coñecemento por parte dos agricultores, gandeiros e silvicultores interesados- representan un eixo esencial para a eficiencia na consecución dos obxectivos que se definen na Lei de recuperación da terra agraria que, como se expuxo, está en tramitación parlamentaria.

**Terceiro.-** A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de



acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

**Cuarto.-** Con data 3 de maio de 2021 asinouse o Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento de sistemas de información de apoio na xestión dos instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia, con vixencia ata o 30 de decembro de 2022, que desenvolveu as actuacións contidas no mesmo, en relación ao obxecto do desenvolvemento de Sistemas de información de xestión dos instrumentos e procedementos de xestión de recuperación da terra agraria de Galicia.

O desenvolvemento paulatino dos distintos procedementos e modos de actuacións que amparan e se precisan para a articulación dos instrumentos e posibilidades referidos na lei antes mencionada, fai necesario continuar mellorando e ampliando as funcionalidades deste novo sistema de información, en liña coas necesidades funcionais que xorden por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, así como a necesaria evolución tecnolóxica por parte da Amtega.

En consecuencia, tendo en conta o anterior ambas partes manifestan a súa vontade de colaboración e, asinan o presente acordo, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións**

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento evolutivo, mantemento e soporte do proxecto "Sistemas de información de xestión dos instrumentos e procedementos de xestión de recuperación da terra agraria de Galicia".

### **SEGUNDA.- Actuacións a realizar**

- Ao abeiro do presente acordo levaranse a cabo as seguintes actuacións pola Amtega:



a) Desenvolvemento de sistemas de información conforme aos requisitos funcionais establecidos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en relación ao obxecto deste acordo:

- Mellora e actualización do portal *web* (<https://info-sitegal.xunta.gal>) que permite o acceso á información relacionadas coa xestión e situación actualizada dos instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Desenvolvemento evolutivo, mantemento e soporte do sistema alfanumérico e gráfico que permite o apoio na xestión dos instrumentos mencionados (proyecto TERREC, actualmente na versión 1.5.1, dispoñible previa autenticación en [terrec - Xunta de Galicia: https://terrec.xunta.local/terrec](https://terrec.xunta.local/terrec)).
- Outros sistemas relacionados co obxecto e que acorden as partes, dentro dos límites do orzamento do acordo..

b) A tramitación administrativa e a adxudicación do contratos e/ou expedientes que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de selo caso.

Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

- Por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural participarase na definición detallada dos novos requisitos a implantar, así como na validación dos módulos e aplicacións que se desenvolvan, para permitir así a verificación da correcta funcionalidade construída de acordo aos requisitos indicados, no marco do obxecto do acordo.

Asemade desenvolverase polas partes calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores e estando incluídas no seu obxecto, acorden a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e Amtega; sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima recollida na cláusula cuarta.

No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, ou que requiran un incremento do orzamento asignado no presente acordo, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula e o financiamento relacionado.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega.





### TERCEIRA.- Financiamento

O importe da achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a execución dos proxectos que se describen na cláusula segunda ascenderá a un máximo de cen mil euros (100.000 €) IVE incluído, coa seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.640.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, código de proxecto 2017-00004.		TOTAL
Importe	2023	100.000,00 €
	100.000,00 €	

Este importe, será obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades indicada para a súa posterior baixa, na seguinte aplicación orzamentaria 14.A1.712A.640.4 (código proxecto 2017 00004) dos orzamentos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Posteriormente á formalización do presente acordo, remitirase á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos este acordo xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 07.01.571A.732.00 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, con correlativa ampliación de crédito na aplicación 07.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014-00005, do orzamento da Amtega para a anualidade 2023.

### CUARTA.- Xustificación das actuacións

Ao remate das actuacións, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia desenvolverá un informe sobre a correcta realización dos traballos, no que se detallen os orzamentos e actividades, funcionalidades ou módulos desenvolvidos con cargo ao presente acordo.

### QUINTA.- Previsións de desenvolvemento

Sen prexuízo do previsto na cláusula terceira, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.



## **SEXTA.- Compromiso de participación das mulleres.**

Mediante o presente acordo as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

## **SÉTIMA.- Causas de resolución**

Serán causas de resolución do acordo as determinadas no artigo 51 da Lei 40/2015:

- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados até o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas do acordo e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- Mutuo acordo das partes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do acordo e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o acordo.

## **OITAVA.- Publicidade**

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.





## **NOVENA.- Xurisdición**

Este acordo de colaboración ten carácter administrativo, polo que os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, de acordo co disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico así como pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste acordo de colaboración, seranlle de aplicación o establecido no art. 18 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico.

## **DÉCIMA.- Vixencia**

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que finalice a execución de todos os traballos previstos, con data límite o 30 de decembro de 2023.

O anterior, sen prexuízo de que antes da súa finalización se acorde polas partes unha addenda ao acordo na que se fixara a modificación ou a prórroga do acordo inicial e os novos compromisos das partes.

En todo caso, este acordo de colaboración queda condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na cláusula terceira.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do acordo e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do acordo constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola Amtega e un representante designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen



personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este acordo obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade, asínase o presente acordo no lugar arriba indicado.

José González Vázquez  
(P.D. Acordo do Consello de  
Dirección do 21.07.2021)  
Presidente da Agader

Julián Cerviño Iglesia  
Director da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia

